

A C C E S O
UNIVERSIDADE
MAIORES DE
25
A N O S

2015

CiUG

COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA



ALUMNADO QUE PODE PRESENTARSE Á PROBA

O alumnado que reúna os requisitos esixidos polo Real Decreto 412/2014, do 6 de xuño (BOE de 7 de xuño) poderá acceder a ensinanzas universitarias oficiais de Grao mediante a superación desta proba de acceso. Soamente poderán concorrer á devandita proba, **as persoas que cumpran ou cumpriran os 25 anos de idade ano natural no que se celebre a proba, que non posúan ningunha titulación académica** (Bacharelato ou equivalente, Técnico Superior de Formación Profesional, etc.) e que **non** estean nalgunha das seguintes situacións:

- Ter superada a PAU tendo superado o Bachillerato ou o COU
- Estar en posesión dun título universitario de carácter oficial.
- Ter superado o COU con anterioridade ao curso 74/75.
- Ter superado o curso Preuniversitario e as Probas de Madurez.
- Estar en posesión de título de bacharelato conforme a plans de estudo anteriores a 1953.
- Ter superado calquera outros estudos que, por homologación ou equivalencia, outorguen acceso á Universidade (militares, eclesiásticos, etc.).

ESTRUTURA DA PROBA

A Proba de Acceso á Universidade estruturarase en dúas fases: Xeral e Específica (Artigo 12 do RD 412/2014).

FASE XERAL

A Fase Xeral (Artigo 12.2 do RD 412/2014) terá como obxectivo apreciar a madurez e idoneidade dos candidatos/as para seguiren con éxito estudos universitarios, así como a súa capacidade de razoamento e de expresión escrita.

Comprenderá catro exercicios:

- 1º Exercicio* **Comentario dun texto** ou desenvolvemento dun **Tema Xeral de Actualidade**.
- 2º Exercicio* **Lingua Castelá.**
- 3º Exercicio* **Lingua Galega.**
- 4º Exercicio* **Lingua estranxeira**, elixible entre: **Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués.**

FASE ESPECÍFICA

A **Fase Específica** (Artigo 12.3 do RD 412/2014) terá por finalidade valorar as habilidades, capacidades e aptitudes dos candidatos/as para cursaren con éxito as diferentes ensinanzas universitarias vinculadas a cada unha das ramas do coñecemento en torno ás que se organizan os estudos universitarios oficiais de Grao.

A **Fase Específica** estruturarase nas **cinco opcións** seguintes vinculadas coas cinco ramas do coñecemento:

OPCIÓN A: Artes e Humanidades.

OPCIÓN B: Ciencias.

OPCIÓN C: Ciencias da Saúde.

OPCIÓN D: Ciencias Sociais e Xurídicas.

OPCIÓN E: Enxeñaría e Arquitectura.

A **Fase Específica** constará de **dúas materias obrigatorias para cada opción e unha materia optativa** para escoller polo alumnado no momento de matricularse entre as materias que se ofertan para cada opción.

OPCIÓN	OBRIGATORIAS	OPTATIVAS
A Artes e Humanidades	<ul style="list-style-type: none">Historia da ArteXeografía	<ul style="list-style-type: none">Debuxo ArtísticoLatínLiteratura UniversalVolume
B Ciencias	<ul style="list-style-type: none">MatemáticasQuímica	<ul style="list-style-type: none">BioloxíaCiencias da Terra e AmbientaisFísica
C Ciencias da Saúde	<ul style="list-style-type: none">BioloxíaQuímica	<ul style="list-style-type: none">Ciencias da Terra e AmbientaisFísicaMatemáticas
D Ciencias Sociais e Xurídicas	<ul style="list-style-type: none">Historia do Mundo ContemporáneoMatemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais	<ul style="list-style-type: none">Economía da EmpresaLiteratura UniversalXeografía
E Enxeñaría e Arquitectura	<ul style="list-style-type: none">FísicaMatemáticas	<ul style="list-style-type: none">Ciencias da terra e AmbientaisDebuxo TécnicoQuímica

Os candidatos/as deberán realizar a Fase Específica na opción da súa elección, no caso de empate **corresponderalles preferentemente, a efectos de ingreso**, aquelas ensinanzas universitarias oficiais de Grao ofertadas polas universidades que estean vinculadas a cada unha das opcións.

Para a realización dos exercicios (Artigo 12.7 do RD 412/2014), os candidatos/as poderán empregar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma. Os exercicios correspondentes a Lingua Castelá, Lingua Galega e Lingua Estranxeira deberán desenvolverse nas seus respectivos idiomas.

Na solicitude de matrícula, os candidatos/as deberán sinalar a lingua estranxeira elixida para a Fase Xeral, así como a opción e a materia optativa elixida para completar a Fase Específica.

CONVOCATORIA DA PROBA [07 e 14 / 03 /2015]

O Sistema Universitario de Galicia realizará anualmente unha convocatoria de Proba de Acceso para Maiores de 25 Anos, para cada unha das ramas nas que se oferten ensinanzas.

A **Fase Xeral** realizarase o **sábado día 7 de marzo** e a **Fase Específica** o **sábado día 14 de marzo**, ambas a partir das 8,30 horas, na **Facultade de Dereito** da Universidade de Santiago de Compostela (Campus Universitario Sur), de acordo co seguinte horario:

FASE XERAL- SÁBADO 7 DE MARZO DE 2015	
MAÑÁN	
08:30 h.	<ul style="list-style-type: none">Presentación do alumnado
9,00 – 10,30 h.	<ul style="list-style-type: none">Comentario dun texto ou desenvolvemento dun Tema Xeral de Actualidade
10,30 – 11,00 h.	Descanso
11,00 – 12,30 h.	<ul style="list-style-type: none">Lingua Castelá
12,30 – 13,00 h.	Descanso
13,00 – 14,30 h.	<ul style="list-style-type: none">Lingua Galega
TARDE	
17,00 – 18,30 h.	<ul style="list-style-type: none">Lingua Estranxeira

FASE ESPECÍFICA- SÁBADO 14 DE MARZO DE 2015

MAÑÁN

8,30 h.	<ul style="list-style-type: none">• Presentación do alumnado
9,00 – 10,30 h.	<ul style="list-style-type: none">• Debuxo Técnico• Economía da Empresa• Química• Xeografía
10,30 – 11,00 h.	Descanso
11,00 – 12,30 h.	<ul style="list-style-type: none">• Historia da Arte• Matemáticas• Matemáticas Aplicadas ás Cc. Sociais
12,30 – 13,00 h.	Descanso
13,00 – 14,30 h.	<ul style="list-style-type: none">• Bioloxía• Debuxo Artístico• Latín• Volume

TARDE

16,30 – 18,00 h.	<ul style="list-style-type: none">• Ciencias da Terra e Ambientais• Literatura Universal
18,00 – 18,30 h.	Descanso
18,30 – 20,00 h.	<ul style="list-style-type: none">• Física• Historia do Mundo Contemporáneo

Os candidatos/as deberán presentarse á proba provistos/as do **Documento Nacional de Identidade ou Pasaporte**, debéndose identificar documentalmente a requirimento de calquera membro do Tribunal.

LUGAR DE REALIZACIÓN DA PROBA

Os candidatos/as **poderán realizar a proba de acceso** para maiores de 25 anos **nas universidades da súa elección, correspondéndolles con carácter preferente, a efectos de ingreso, a universidade na que superasen a proba e na rama ou ramas de coñecemento vinculadas ás opcións escollidas na Fase Específica** (Art. 12.5 e 6 do RD 412/2014)

No **caso de Galicia**, a proba organizarase pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG) e terá lugar na **Facultade de Dereito da Universidade de Santiago**.

ALUMNADO CON ALGÚN TIPO DE INCAPACIDADE

Para aqueles candidatos/as que, no momento da matrícula, xustifiquen debidamente algunha incapacidade que lles impida realizar a proba cos medios ordinarios, a CiUG determinará as medidas oportunas que garantan que os estudantes poidan realizar tanto a Fase Xeral como a Fase Específica nas debidas condicións de igualdade.

Estas medidas poderán consistir na adaptación dos tempos, elaboración de modelos especiais de exame e a posta a disposición do estudante dos medios materiais e humanos, das asistencias e apoios e das axudas técnicas que precise para a realización da proba de acceso.

PRAZO E LUGARES DE MATRÍCULA

O **prazo de matrícula** será o comprendido entre o **19 de xaneiro e o 12 de febreiro**, ambos inclusive, debéndose presentar nos LERD (Lugares de Entrega e Recollida de Documentación) as instancias de matrícula unha vez baixadas da web <http://ciug.cesga.es/PDF/impresomat25.pdf> debidamente cubertas e os demais documentos esixidos na convocatoria.

Unha vez realizada a matrícula, o alumnado recibirá un **Impreso de Matrícula (resguardo)** no que se recollerán os **datos persoais, opción e materias** polas que se matricula e **número de acceso á aplicación informática Nerta**.

CONSULTA DAS LISTAXES DE MATRICULADOS

Os **días 25 e 26 de febreiro** poderase consultar na web da CiUG a **listaxe de matriculados** para as probas.

EXENCIÓN DO EXAME DE LINGUA GALEGA

Os candidatos/as que acrediten residencia fóra de Galicia por un período ininterrompido superior aos catro últimos anos, poderán solicitar, no momento de se matricularen, a exención do exercicio de Lingua Galega.

A Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG) comunicará aos candidatos/as, por correo ordinario con aviso de recibo, a concesión ou non da exención do exercicio de Lingua Galega.

CÁLCULO DA CUALIFICACIÓN DA PROBA

A **calificación** (Art. 14 do RD 412/2014) **de cada un dos exercicios** expresarase **de 0 a 10 puntos con intervalos de 0,25 puntos**.

A **calificación da Fase Xeral** será a **media aritmética dos catro exercicios** que a compoñen, expresada en forma numérica con tres cifras decimais e arredondada á milésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.

A **calificación da Fase Específica** será a **media aritmética dos tres exercicios** que a compoñen, expresada en forma numérica con tres cifras decimais e arredondada á milésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.

A **calificación final da Proba** será a **media aritmética das calificacións obtidas na Fase Xeral e na Fase Específica** expresada en forma numérica con tres cifras decimais e arredondada á milésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior. Entenderase que o/a candidato/a superará a probacando obteña un **mínimo de cinco puntos na calificación final**, non podéndose, en ningún caso, acadar media cando non se obteña unha **puntuación mínima de catro puntos tanto na Fase Xeral como na Fase Específica**.

PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS

As **calificacións provisionais da Fase Xeral** serán publicadas o **día 12 de marzo** (a partir das 15,00 horas).

As **calificacións provisionais da Fase Específica** serán publicadas o **día 19 de marzo** (a partir das 15,00 horas).

As calificacións poderán consultarse na CiUG, nos LERD, na páxina web da CiUG e, para aqueles alumnos/as que o solicitasen no momento da matrícula, mediante correo electrónico.

PRAZO DE RECLAMACIÓN ÁS CUALIFICACIÓN

O **prazo de presentación de reclamacións** abranguerá **dende o día 23 ata as 14,00 do día 25 de marzo**.

As solicitudes de reclamación ás cualificacións poderán presentarse nos LERD cubrindo o impreso de reclamación que se facilitará a tal efecto.

Tamén poderán realizarse a través da aplicación informática Nerta. Para isto o alumnado deberá empregar o **número de acceso á aplicación informática Nerta** que figura no impreso de matrícula.

PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS

As **calificacións definitivas da Proba** serán publicadas o **día 26 de marzo** (a partir das 15,00 horas).

As cualificacións poderán consultarse na CiUG, nos LERD, na páxina web da CiUG e, para aqueles alumnos/as que o solicitasen no momento da matrícula, mediante unha mensaxe de móbil ou por correo electrónico.

EFFECTOS DE SUPERACIÓN DA PROBA

Os candidatos/as **poderán realizar a Proba de Acceso** para Maiores de 25 anos **na universidade da súa elección**, sempre que existan nesta os estudos que desexen cursar, **correspondéndolles con carácter preferente, a efectos de ingreso, a universidade na que superasen a proba**.

Os **accesos preferentes** (só no caso de empate na nota de admisión), **a efectos de ingreso, a aquelas ensinanzas universitarias oficiais de Grao do SUG ofertadas polas universidades que estean vinculadas a cada unha opcións** pódense consultar na páxina web da CiUG, no apartado “**Vinculación das titulacións do SUG para o acceso ao curso 2015-2016 coas opcións das probas de acceso á universidade dos maiores de 25 anos**”.

Para o **acceso a Estudos Universitarios de Grao do SUG**, o alumnado que supere a proba de acceso deberá **presentar a súa solicitude de admisión no prazo do 8 de xuño ao 3 de xullo**, en calquera dos LERD existentes empregando o impreso correspondente, ou a través da aplicación informática Nerta para o que será necesario o **número de acceso á aplicación informática Nerta** que figura no impreso de matrícula de cada alumno/a.

Para presentaren a solicitude de admisión cómpre estaren en posesión da **certificación académica oficial de teren superadas as probas**, que será expedida na CiUG e remitida por correo certificado con aviso de recibo ao domicilio dos alumnos/as a partir do 31 de marzo.

Para os/as estudantes maiores de 25 anos que superen a Proba de Acceso, en virtude do disposto no Real Decreto 412/2014, de 6 de xuño (BOE nº 138, de 7 de xuño), reservarase nos estudos universitarios de Grao do SUG o **2 por 100 das prazas totais de cada titulación**.

REPETICIÓN DA PROBA PARA MELLORAR A NOTA

Unha vez superada a proba de acceso, os candidatos/as **poderán presentarse de novo en sucesivas convocatorias, coa finalidade de mellorar a súa cualificación**. Terase en conta a cualificación obtida na nova convocatoria sempre que esta sexa superior á anterior.

INFORMACIÓN

Pódese solicitar calquera información sobre esta proba aos LERD (Lugares de Entrega e Recollida de Documentación), aos Servizos de Información das tres universidades e á CiUG (Facultade de Dereito, 3º piso. Campus Universitario Sur. CP 15782 – Santiago de Compostela). * Tfno. 881 81 34 52 * Fax: 881 81 47 89

Os programas das materias, orientacións e modelos de exame pódense consultar na páxina web da CiUG: <http://ciug.cesga.es>



INFORMACIÓN

LERDs

LUGARES DE ENVÍO E RECOLLIDA DE DOCUMENTACIÓN

 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	LERD Nº 3: CAMPUS DE ELVIÑA - A CORUÑA Pavillón de Estudantes Campus de Elviña 15192 - A CORUÑA
	LERD Nº 4: CAMPUS DE FERROL Campus de Esteiro Edificio de Usos Administrativos, planta baixa 15403 - FERROL
	LERD Nº 1: CAMPUS DE SANTIAGO Servizo de Xestión Académica - OIU Pavillón Estudiantil, 2º piso - Campus Sur 15782 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
	LERD Nº 2: CAMPUS DE LUGO Edificio Biblioteca-Intercentros, planta baixa Campus Universitario 27002 - LUGO
 UNIVERSIDADE DE VIGO	LERD Nº 5: CAMPUS DE VIGO Campus Lagoas Marcosende, s/n Edificio Miralles 36200 - VIGO
	LERD Nº 6: CAMPUS DE OURENSE Unidade Administrativa, planta soto Área de Servizos á Comunidade Campus "As Lagoas" 32004 - OURENSE
	LERD Nº 7: CAMPUS DE PONTEVEDRA Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica Forestal Área de Servizos á Comunidade Campus A Xunqueira, s/n 36005 - PONTEVEDRA
	COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA - CIUG Facultade de Dereito, 3º piso Campus Universitario Sur 15782 SANTIAGO DE COMPOSTELA